

**ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS, PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SÚA MODALIDADE DEPORTIVA PARA O ANO 2023 POLA QUE SE INCLÚEN OS PROXECTOS DE ESPECIAL RELEVANCIA (PER) INCLUÍDOS NO PLAN DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO DEPORTE NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA-FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU**

Santiago de Compostela,

## **REUNIDOS**

Diego Calvo Pouso, nomeado vicepresidente Primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes a través do Decreto 65/2023, do 14 de xuño, polo que se nomea vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes a Diego Calvo Pouso, e en uso das competencias establecidas no Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Guillermo José Ferreiro Torres, presidente da Federación Galega de Actividades Subacuáticas, na súa representación e no exercicio das facultades atribuídas ao efecto polos seus estatutos federativos.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar a addenda ao convenio de colaboración suscrito con data 03 de xaneiro de 2023 para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2023 e a estes efectos,

## **EXPOÑEN**



Coa finalidade de atender a promoción e fomento do deporte federado da súa modalidade na Comunidade autónoma galega, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes asinou, con data 03 de xaneiro de 2023 un convenio de colaboración coa Federación Galega de Actividades Subacuáticas, por importe total de vinte mil seiscientos dezaséis euros ( 20.616,00 €) coa seguinte distribución por programa:

PROGRAMAS	IMPORTE
1.- Gastos xerais de funcionamento (máximo 25%)	4.000,00 €
2.- Actividade deportiva ordinaria	16.616,00 €
3.-Tecnificación e rendemento:	0,00 €
a) Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD)	0,00 €
b) Núcleos de adestramento deportivo especializado	0,00 €
c) Centros de Tecnificación	0,00 €
4.- Campionatos de España convocados polo CSD por Seleccións Autonómicas en idade Escolar (CESA)	0,00 €
5.- Actividade deportiva de promoción:	0,00 €
a) do deporte en idade escolar	0,00 €
b) do xénero menos representado dentro da práctica deportiva da federación	0,00 €
c) do deporte para deportistas con discapacidade	0,00 €
6.- París 2024	0,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>20.616,00 €</b>

Nos convenios coas 59 Federacións Deportivas de Galicia non se dotou o programa “Outros proxectos de especial relevancia” pendente da súa concreción en 2023.

A Conferencia Sectorial de Deporte, na súa reunión do 5 de xullo de 2022, aprobou o acordo polo que se autoriza a distribución territorial e os criterios de repartición dos créditos xestionados por Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía con cargo ao orzamento do Consello Superior de Deportes no marco do compoñente 26 Fomento do Sector Deporte-C26.I03.P02 , Promoción da Igualdade no Deporte, no marco do Plan de



Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR). No BOE Nº 187, do 5 de agosto, publicouse a Resolución do 2 de agosto de 2022, da Presidencia do Consello Superior de Deportes, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial do Deporte de 5 de xullo de 2022, relativo á distribución territorial e criterios de reparto do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

A medida (C26.I3) ten recoñecido o obxectivo CID 375: «Realización de accións no marco do Plan Nacional do Deporte: Finalización de accións no marco do Plan Social do Deporte, incluída a renovación de alo menos corenta instalacións deportivas e accións para promover a presenza de mulleres no deporte profesional (programas de formación, campañas de marketing e estudos). As intervencións en materia de eficiencia enerxética deberán lograr por termo medio una redución da demanda de enerxía primaria de alomenos 30 %. A lista de instalacións farase pública».

Neste compoñente contéplase actuacións incluídas para a organización de competicións en materia de promoción da igualdade e inclusión no deporte.

Unha vez concretados os proxectos de especial relevancia compre dotar nos Convenios coas Federacións Deportivas de Galicia para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2023 o programa “Outros proxectos de especial relevancia”.

A Federación Galega de Actividades Subacuáticas remitiu a solicitude de inclusión no programa “Outros proxectos de especial relevancia”, e solicita se teña en conta os seguintes evento/s dentro do programa subvencionable “Proxectos de Especial Relevancia” por tratarse dun campionato de gran interese deportivo e de promoción da igualdade e inclusión no deporte:

### **RELACIÓN CAMPIONATOS**

EVENTO	FEMININO/MIXTA	PROVINCIA
Campionato de España Individual	Feminina	Pontevedra



Con base ao anterior as partes acordan a seguinte

### CLÁUSULA

**Primeira.-** Acórdase modificar o cadro de financiamento que figura no convenio como Ficha I, incorporando os proxectos de especial relevancia segundo o seguinte recadro:

PROGRAMAS				IMPORTE
7. Outros proxectos de especial relevancia				
EVENTO	FEMININO/MIXTA	PROVINCIA	IMPORTE	500€
Campionato de España Individual	Feminina	Pontevedra	500,00€	
<b>TOTAL PER</b>				500€

Polo tanto o importe total do convenio increméntase en cincocentos euros (500,00 €), imputables á aplicación orzamentaria 06.02.441A.481.0 (Proxecto 2023 00027), incluído no Plan de Promoción da Igualdade no Deporte no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia- Financiado pola Unión Europea-Next Generation EU.

En proba de conformidade as partes que interveñen asinan a presente addenda no lugar e data arriba indicados.

**O Vicepresidente Primeiro e Conselleiro  
de Presidencia, Xustiza e Deportes**

**O presidente da Federación Galega  
de Actividades Subacuáticas**



**Diego Calvo Pouso**

**Guillermo José Ferreiro Torres**

## **ANEXO I**

### **(Normativa de aplicación)**

Estas axudas están reguladas polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, o Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Disposición adicional primeira da Lei 22/2021, do 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2022, o Artigo 148 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, a Lei 39/2022, do 30 de decembro, do deporte, a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, o Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro,



relativa ao análise sistemático do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

## ANEXO II

### (Requisitos e obrigas específicas)

1. As subvencións que se regulan nesta orde son incompatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de doutros programas ou instrumentos da UE.

A excepción do disposto no apartado anterior as subvencións que se regulan nesta orde son compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de ente público ou privado, nacionais ou de organismos internacionais, sen prexuízo da obriga de comunicar ao órgano concedente a súa obtención. O importe total da axuda non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo final xustificado do investimento para o cal se concedeu. No caso de superar o custo final xustificado, minorarase a axuda regulada nesta orde na contía que exceda do custo final xustificado.

2. Para dar cumprimento ao mandato establecido na letra d) do artigo 22.2 do Regulamento (UE) 2021/241, e consonte ao artigo 8 da Orde HFP 1030/2021, a entidade beneficiaria declarará a aceptación da cesión de datos entre as Administracións implicadas e a declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR.

3. De acordo co establecido no artigo 7 da Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o órgano de concesión da subvención poderá solicitar aos solicitantes das axudas a información da súa titularidade real cando a AEAT non



dispoña dese información e así o indicase mediante a correspondente bandeira negra, tendo en conta a análise realizada a través de MINERVA. Este suposto non implicará a suspensión automática do procedemento en curso, pero a dita información deberá aportarse ao órgano de concesión da subvención no prazo de 5 días hábiles desde que se formule a solicitude de información. A falta desta información no prazo sinalado será motivo de exclusión do procedemento.

4. De conformidade co artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241, é preceptiva a conservación da dita documentación durante un período de 3 anos a partir do pagamento do saldo ou, a falta dese pagamento, da operación (artigo 132 do Regulamento Financeiro).

5. A entidade beneficiaria asume o compromiso do cumprimento de etiquetado verde e dixital previsto no PRTR, con base no Regulamento (UE) 2021/241. No seu caso para facer as competicións inclusivas aplicarase a etiqueta 026bis.

6. A entidade beneficiaria asume o compromiso no cumprimento do principio horizontal de “non causar prexuízo significativo” que define o artigo 2.6) do Regulamento (UE) 2021/241, respecto dos 6 obxectivos medioambientais recollidos no artigo 5 da Orde HFP/1030/2021 e definidos no Regulamento (UE) 2020/852. Cando sexa factible utilizaranse compoñentes de alta durabilidade e reciclabilidade e fáciles de desmontar e reacondicionar.

7. A entidade beneficiaria asume o compromiso para conceder os dereitos e os accesos necesarios para garantir que a Comisión Europea, a OLAF, o Tribunal de Contas Europeo, a Fiscalía Europea e as autoridades nacionais competentes exerzan as súas competencias de control.

8. Consonte ás previsións esixidas polo artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, en todos os proxectos e subproxectos que se desenvolvan en execución do PRTR deberá exhibirse de forma correcta e destacada o emblema da UE cunha declaración de financiación adecuada que diga “financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU”, xunto ao logo do PRTR dispoñible na ligazón <https://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual>.

No tocante ás obrigas dos destinatarios finais da financiación, resulta aplicable o artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241: Os perceptores de fondos da Unión farán mención da orixe



desta financiación e velarán por darlle visibilidade, incluído, cando proceda, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiación adecuada que indique “financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU”, en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.

Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, a OLAF e a Fiscalía Europea.

9. As subvencións están sometidas ao plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Secretaría Xeral para o Deporte da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes dispoñible a través da seguinte ligazón: <https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional/plans-antifraude>.

Asemade, a través da ligazón <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias> habilítase o canal de denuncias sobre irregularidades en materia de integridade institucional prevista no Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia aprobado o 10 de decembro de 2021 polo Consello da Xunta e no Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024, aprobado o 26 de maio de 2021 polo Consello da Xunta de Galicia.

A través da ligazón <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/paginas/comunicacionsnca.aspx> pódese comunicar ao Servicio Nacional de Coordinación Antifraude feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiadas con cargo a fondos procedentes da Unión Europea.

### ANEXO III

**Modelo de declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)**





Don/Dona ....., DNI ,  
como Presidente/Representante/Xerente/ da entidade  
.....  
....., con NIF ....., e domicilio fiscal en  
.....  
.....  
.....  
.....

.....beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR no marco do Compoñente 26 Fomento do Sector Deporte-C26.I03.P02 , Promoción da Igualdade no Deporte, declara coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes apartados do artigo 22, do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:

1. A letra d) do apartado 2: «solicitar, a efectos de auditoría e control do uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, nun formato electrónico que permita realizar procuras e nunha base de datos única, as categorías harmonizadas de datos seguintes:

- i. O nome do perceptor final dos fondos;
- ii. o nome do contratista e do subcontratista, no seu caso, cando o perceptor final dos fondos sexa un poder adxudicador de conformidade co Dereito da Unión ou nacional en materia de contratación pública;
- iii. os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos ou do contratista, segundo defínese no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello (26);
- iv. unha lista de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público de ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».



2. Apartado 3: «Os datos persoais mencionados no apartado 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, apartado 2, e 23, apartado 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento Financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Conforme ao marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos artigos citados.

....., XX de de 2023

Asdo. ....

Cargo: .....

#### ANEXO IV

#### **Modelo declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)**

Don/Dona ....., con DNI ,

como Presidente/ Representante/Xerente/ da entidade .....

....., con NIF , e domicilio

fiscal en .....

.....

.....

.....

.....na condición de órgano entidade beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR no marco do Compoñente 26 Fomento do Sector Deporte-C26.I03.P02 , Promoción da Igualdade no Deporte, manifesta o compromiso



da entidade que representa cos estándares máis esixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, comunicando no seu caso ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, comprométese a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «do non significant harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito Plan, e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

....., XX de de 2023

Asdo. ....

Cargo: .....

